

CHARLA DOAZÓN DE ÓRGANOS

Foi realizada o día 12 de novembro no IES e dirixida ós alumnos de 3º ESO.

Impartida por Carmen González en representación da “Oficina de coordinación de doazón de órganos” e Maite que veu dar o seu testemuño como transplantada.

Este artigo fíxose a partires das opinión dos alumnos asistentes á mesma.

A valoración global foi moi positiva e para algúns curta, xa que querían saber máis sobre a doazón de médula ósea. Hai dous aspectos que merecen ser salientados:

O primeiro de todo é que se salvan moitas vidas grazas ós doadores así que tomamos todos conciencia da importancia da doazón.

O segundo é que soubemos quen pode ser doador e quen non(menores de idade) e as excepcións. Soubemos tamén dos dereitos dos doadores . Tivemos información precisa e clara de como funciona a doazón de órganos e máis concretamente o sistema de transplantes. É o sistema nacional de saúde o que corre con tódolos gastos de aí que non medie achegas económicas ningunhas por parte do transplantado. A doazón en vida realízase de persoa a persoa sen que haxa, tampouco, achega económica, xa que se trata dunha doazón altruísta. Este tipo de doazón queda limitada a aqueles órganos, coma os riles, que son dobres. A doazón en morte, pola súa banda, é totalmente anónima xa que así todos temos as mesmas oportunidades con independencia dos recursos económicos de cada quen. Se fose doutro xeito só os ricos terían posibilidades de acceder ós transplantes.

Para poder comezar co proceso de doazón e transplante, débese ter producido a morte cerebral. Tamén cando se produce parada cardíaca. Despois infórmase á familia e respéctase o chamado “tempo de dó familiar” para despois solicitar o seu permiso para a extracción dos órganos válidos, con independencia de se tiña ou non o carné de doador.

Contáronnos , ademais, que as persoas que se mobilizan cando hai un órgano dispoñible son **un cento**. Empézanse a mobilizar onde se van extraer os órganos e onde se vai transplantar e ademais do persoal da Oficina Central de Transplantes.

Quedounos claro, por último, **que podemos doar tódolos órganos (excepto o cerebro)** e só algúns tecidos, que o estado español é o que conta co maior

número de doadores e onde mellor funciona o sistema nacional de transplantes tal que foi escollido polos demais países como un país de referencia. É dicir que **é un país que se tomou e séguese a tomar como referencia aínda hoxe.**

Para rematar a charla falou **Maite** e a seu testemuño provocou, en moitos, unha grande emoción, xa que nos fixo ver en primeira persoa a importancia das doazóns e como poden salvar vidas. Ela, en concreto, é unha transplantada de ril, e contou emocionada, como era a súa vida antes (conectada 10 horas diarias a unha máquina) e agora, onde pode facer **case** vida normal.

Grazas a tódolos rapaces e rapazas de 3º de ESO pola vosa valoración da charla e que valeu para facer esta pequena referencia do alí falado e aprendido!!!